

## ***Boletín Galego de Literatura 25***

**Por Xosé Luís Castro**

Acaba de chegar ás nosas mans este número correspondente ao primeiro semestre do 2001, que amosa o lugar destacado que lle concedemos no ano pasado á figura de Eladio Rodríguez González, xa que aparece en distintas seccións da revista. Esta e outras propostas fan que non perdamos de vista este número. Xosé Luís Castro está a cursar Filoloxía Galega na Universitat de Barcelona.

- 06:06 11/04/2002

Os *Estudios* nesta ocasión fanos propostas arriscadas, innovadoras, alén de seren interesantísimas. O primeiro deles, "O vello Eladio Rodríguez González e o manifesto *¡Más alá!*" de Xosé Manuel Dasilva dános debida conta da recepción do manifesto vangardista por parte de Eladio Rodríguez e Vicente Risco; as ideas expostas polo autor de este *documento* non son afirmacións suspendidas no ar, senón que demostran o rigor do seu quefacer investigador: análise de documentos da época, una nova lectura do manifesto *¡Más alá!*, publicacións en xornais da época -*A Nosa Terra, La Voz de Galicia, El Ideal Gallego...*- que son espello desa pugna habida entre os *vellos*, constituíntes da Irmandade da Coruña e os *novos* ou vangardistas... Recóllense as opinións de Eladio Rodríguez González sobre o manifesto que deu a coñecer en 1928. O segundo dos estudos, exposto por Santiago Gutiérrez García, "*O Marot haja malgrado*: lais de Bretanha, ciclos en prosa e recepción da materia de Bretaña na Península Ibérica", constitúe unha destas propostas arriscadas, innovadoras no ámbito da crítica textual, mais á vez, convincente. Sitúa este poema dentro do ciclo de esa produción artística herdeira da prosa artúrica que chegou á Península Ibérica durante os séculos XIII e XIV, a partir das evidencias apresentadas nos textos -as semellanzas de algún deles co xénero das bailadas, por exemplo-, que recollería numerosas anomalías, con absoluta certeza, de procedencia francesa. E como broche de ouro aos *Documentos* Manuel F. Vieites retoma a sempre arisca tarefa da investigación de literatura dramática galega, fiel ao exposto no seu *Manual e escolma da literatura dramática galega* (1996). Fai unha revisión do estado da peridiozación da historia do teatro galego habida até a actualidade, poñendo en cuestionamento as propostas máis recentes, entre elas, a de Henrique Rabunhal Corgo e Laura Tato Fontaíña; el propón que se deben ter en conta os procesos históricos e sociais en que se xestaron os textos dramáticos.

As *Notas* abordan diferentes estudos, cun claro protagonismo dos de literatura comparada. Son catro as *notas* que aparecen nesta ocasión. Carlos Albegue Leira desde un título excesivamente xeral, trata da enorme débeda e apego da novela *O cervo na torre* de Darío Xohán Cabana coas teorías ideolóxico-políticas de Méndez Ferrín, e en particular, co Ferrín do relato "Odiado Amado", incluído en *Crónica de Nós*. Cristina Blanco Outón contrasta a obra *Jude the Obscure* (1895) de Thomas Hardy coa súa versión cinematográfica realizada por Michael Winterbottom. Os textos de Hardy caracterízanse por ser moi cinemáticos, polo que tiveron numerosas adaptacións ao cine. Analisa moi acertadamente cómo son tratados

o espazo, as personaxes, os animais, a trampa e a morte no discurso filmico, sendo apuntados na súa análise as licencias que se permitiu o director Michael Winterbottom. Laura María Lojo destaca as leituras renacentistas de Virginia Woolf, a propósito da obra de Sally Greene, *Virginia Woolf. Reading the Renaissance*. Apúntanse influencias de Shakespeare, Milton, Browne ou John Donne no seu proceder literario, sempre obedecendo ás súas propias inquedanzas estéticas. Luciano Rodríguez na súa nota "Federico García e Aquilino Iglesia Alvariño" apunta cara a esa influencia da poesía lorquiana nos seus versos, xa evidente a partir do seu segundo poemario, *Corazón ao vento* (1933). O noso crítico reproduce varios poemas, entre eles, "Aló tras do Padornelo" pertencente a *Cómaros verdes* (1947) que delata ese apego cos versos do poeta granadino. Tanta é a obriga con Lorca que no seu derradeiro poemario, *Nemias* (1961) Aquilino Iglesia Alvariño adícalle unha das súas composicións.

Os *Documentos* constitúense nesta ocasión por tres aportacións do máis interesante. Xosé Luís Axeitos edita dúas cartas de Carmen Muñoz, viúva de Rafael Dieste, e destinadas a Eduardo e Enrique Dieste, quen moraban en Montevideo. Elas axudan a compór os trazos do contexto da época da Guerra Civil: penurias, malestar, desaparición de seres queridos, a sensación de medo continuo...; todo iso e moito máis rezuman as letras de estas misivas. Juan Luis Blanco Valdés publica un discurso que non puido ler Otero Pedrayo, xa con 82 anos, texto que durmiu "o sono dos xustos durante case 30 anos", escrito en Ourense o 19 de maio de 1970, laudatorio de San Paio e da Estrada. Tamén el publica una biografía de Eladio Rodríguez González, que supón unha actualización da elaborada por Ramón Fernández-Pousa en 1964. María Xesús Nogueira apréséntanos un relato en castelán de Cunqueiro que permaneceu fóra do ámbito de interese da crítica, intitulado "Daniela y la estrella", por estar escrito para persoas do entorno de Cunqueiro. Este relato presenta características tan caras á súa narrativa como son: a verosimilitude, o humor ou o discurso onomástico.

A sección *Encontros* reúnenos con Jüri Talvet da man de Arturo Casas. Talvet é catedrático da Literatura Comparada na Universidade de Tartu. Os motivos tratados son diversos: situación da escrita estonia e a súa relación con outras literaturas e culturas, os obxectos de investigación que segue Talvet, achegamento á súa produción literaria, etc.

*Creación* énchese con dous poemas de Ánxeles Penas, "Territorio" e "A poética da ollada" -o segundo amosa a pegada picassiana na súa sensibilidade poética- e con un texto en prosa de Xosé Antonio Perozo, "Estación de partida".

Dir. Anxo Tarrío Varela

**Boletín Galego de Literatura.**

Núm. 25, 1º semestre, 2001.

Santiago de Compostela: Universidade.

ISSN 0214-9117